

## INTRODUCCIÓN

É difícil entender hoxe en día o mundo dos adolescentes sen facer referencia ás redes sociais. Dun xeito ou doutro están presentes continuamente e moito máis cando xa se fixeron móbiles. Mesmo resulta difícil ás veces distinguir claramente o que é unha rede social porque aplicacións que naceron con outro fin acaban converténdose, en función do uso que delas fan os seus usuarios, en redes sociais. Pasou con Instagram, que naceu como unha aplicación de retoque fotográfico con algúns pluses engadidos. Ou con WhatsApp, que naceu como unha aplicación de mensaxería pero que en virtude das súas funcionalidades (a posibilidade de crear grupos pechados, o intercambio de imaxes e vídeos) acabou converténdose para moitos nunha verdadeira rede social.

Resulta patente que moitos sectores da sociedade teñen receos con respecto ao uso das redes sociais por parte dos menores. Gran parte da culpa deste receo débese ao tratamento que os medios de comunicación dan a este tema. As redes sociais son noticia habitualmente cando xorde algún problema: casos de acoso, de excesiva dependencia, de cyberbullying, de falta de privacidade, de contidos falsos... E son moitos os pais, nais e educadores que se senten preocupados polo posible impacto negativo que o uso das redes pode ter tanto no persoal como na vida académica.

Díaz Gandasegui (2011)<sup>1</sup> expón moi ben esta sensación ao dicir que as redes sociais online son o mellor exemplo da sociedade representada nun contorno creado tecnoloxicamente: ilustran tanto os beneficios sociais de comunicación e conexión entre individuos como suscitan problemas de privacidade e falta de confianza na veracidade das informacións.

Así a todo, as redes sociais, precisamente polo enganche que teñen entre os máis novos, poden constituírse nunha poderosa ferramenta de ensino, nunha sociedade onde a aprendizaxe deixou de ser unha actividade interna e individual.

As redes sociais, ben utilizadas, en educación, achegan unha chea de beneficios, entre eles:

- Fomentan nos estudantes a autonomía, o traballo cooperativo e unha construción dinámica e constante de diversos tipos de información, permitindo que podan chegar a converterse en construtores dos seus propios coñecementos.
- Aumentan a fluidez e sinxeleza da comunicación entre profesorado e alumnado.
- Incrementan a eficacia do uso práctico das TIC, ao actuar como un medio de aglutinación de persoas, recursos e actividades.
- Facilitan a compartición de recursos e contidos.

Por suposto, tamén poden ter algúns inconvenientes:

- É necesario adoptar sistemas que eviten riscos de privacidade dos seus membros.
- Esixe ao profesorado a creación de actividades motivadoras para que non se convertan nun elemento de distracción e nun simple elemento lúdico e de ocio.
- A falta de formación e descoñecemento de moitos pais e nais nestes aspectos, que poden provocar desconfianza.

Ante todo o visto deben considerarse as redes sociais como un elemento educativo interesante a ter en conta, fundamentalmente polo atractivo para o alumnado e polo seu carácter aglutinador como fixemos referencia máis arriba.

---

<sup>1</sup> Díaz Gandasegui, V. (2011). Mitos y realidades de las redes sociales. *Prisma Social*, 6.

Neste curso imos facer referencia exclusivamente ás redes sociais estritamente educativas, deixando de lado ás xeralistas como Facebook e Twitter. Estas teñen moitas posibilidades pero tamén presentan riscos e sobre todo dificultades para usalas con menores de 14 anos, xa que legalmente ata esa idade non poderían crear perfís nestas redes.

Faremos primeiro un repaso a un dos maiores riscos das redes sociais en xeral, que é o referido á privacidade. Dunha mala configuración derivan moitos dos problemas que vemos acotío: sexting, cyberbullyng, grooming, etc.

Nun segundo apartado centrarémonos nas redes sociais en educación, vendo os tipos de redes que existen e os seus usos.

A continuación enumeraremos e explicaremos algunhas redes sociais educativas, facilitando os enlaces ás súas páxinas e vendo as súas características.

E remataremos explicando polo miúdo a rede social educativa Schoology. Paso a paso iremos creando unha conta nesta rede, creando cursos, agregando membros, creando probas, enviando e recibindo mensaxes... en definitiva, aprendendo o uso básico desta rede e todas as súas posibilidades educativas.

O **CALENDARIO DO CURSO** é o que segue a continuación. Lembrede que ata a data indicada, non poderedes acceder ao material correspondente.

**O martes, 14 de marzo publicarase:**

1. A privacidade nas redes sociais
  - 1.1. Que entendemos por privacidade nas redes sociais
  - 1.2. Cláusulas de privacidade nas redes sociais. Lexislación de terceiros países.
  - 1.3. O que as redes saben de nós.
  - 1.4. Riscos referentes á privacidade nas redes sociais.
  - 1.5. Identidade e reputación dixital.
2. As redes sociais en educación
  - 2.1. Principais vantaxes do uso das redes sociais en educación.
  - 2.2. Tipos de redes sociais.
  - 2.3. Uso das redes sociais educativas.
  - 2.4. Algunhas redes sociais educativas.

**O luns, 20 de marzo publicarase:**

3. Videotitoriais de Schoology. Parte primeira.
  1. Crear unha conta en Schoology.
  2. Crear un curso en Schoology.
  3. Agregar alumnado a un curso.
  4. Crear actualizacións en cursos.
  5. Crear eventos nun curso.
  6. Engadir materiais a un curso.
  7. Usar a gamificación.
  8. Controlar a asistencia.

**O luns, 27 de marzo publicarase:**

4. Videotitoriais de Schoology. Parte segunda.
  9. Establecer criterios de avaliación.
  10. Como cualificar ao alumnado.
  11. Como facer unha proba.
  12. Como organizar ao alumnado.
  13. Como usar a mensaxería.
  14. Recursos e grupos en Schoology
  15. Como dar acceso a pais e nais.
  16. A aplicación móbil de Schoology.

En canto ao **SISTEMA DE AVALIACIÓN**, ao final de cada un destes tres bloques, teredes unha proba de dez preguntas de escolla. As datas nas que teredes acceso a estas probas son:

- Proba do tema 1, *Redes sociais educativas e privacidade na Rede*.  
Venres, 17 de marzo.
- Proba do tema 2, *Titorial de Schoology, parte 1*.  
Venres, 24 de marzo
- Proba do tema 3, *Titorial de Schoology, parte 2*.  
Venres, 31 de marzo